



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 61  
14 de decembro de 2020



CSV: BOPGDSPGExyPMdz014

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# SUMARIO

---

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

#### COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Designación da Ponencia que debe emitir informe sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia [21384](#)

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.5. Mocións

##### Rexeitamento da iniciativa

###### ■ 5920 (11/MOC-000013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 582, publicada no BOPG nº 9, do 02.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 24.11.2020) [21385](#)

###### ■ 5923 (11/MOC-000014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa crise económica e a situación social xeradas pola covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1027, publicada no BOPG nº 11, do 04.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 24.11.2020) [21385](#)

###### ■ 5924 (11/MOC-000015)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector cultural. (Moción consecuencia da Interpelación nº 4381, publicada no BOPG nº 40, do 04.11.2020, e debatida na sesión plenaria do 24.11.2020) [21385](#)



### 1.3.6. Proposicións non de lei

#### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

#### Aprobación con modificacións

##### I 3384 (11/PNP-000361)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión do ingreso mínimo vital creado a través do Real decreto lei 20/2020

[21386](#)

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

##### I 5579 (11/PNP-000643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que se deben realizar en relación co desenvolvemento en Galicia do corredor atlántico de mercadorías

[21386](#)

#### Aprobación por unanimidade sen modificacións

##### I 5003 (11/PNP-000571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a creación da nova especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias

[21387](#)

##### I 5234 (11/PNP-000597)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rey Varela, José Manuel e 8 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co sector naval de Ferrol

[21387](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

##### I 3280 (11/PNP-000347)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes ao mantemento do servizo de axuda no fogar extraordinario e a prorrogalo ata que a pandemia provocada pola covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma

[21388](#)



**I 5525 (11/PNP-000636)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co volume de diagnoses e a capacidade asistencial dos servizos de oncoloxía do sistema sanitario público de Galicia durante o ano 2020

[21388](#)**I 5573 (11/PNP-000642)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de modificar a normativa vixente que regula o servizo de axuda no fogar, así como as cuestións que debe introducir nela

[21388](#)**1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión****1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas**

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

**Aprobación sen modificacións****I 3544 (11/PNC-000401)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e cinco deputados/as máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de renovación do parque móbil

[21389](#)**Aprobación por unanimidade con modificacións****I 2733 (11/PNC-000297)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre o impulso do Goberno galego diante dos gobernos español e portugués dunha proposta de tarxeta de paso de proximidade transfronteiriza que se poida utilizar no caso de establecemento de restricións por motivos de saúde pública, así como sobre o apoio á implantación dunha tarxeta cidadá transfronteiriza para a poboación residente nos municipios limítrofes co río Miño internacional

[21389](#)**2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento****2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos****2.2.1. Composición do Pleno**

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 12 de decembro de 2020, pola que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado polo deputado José Manuel Cores Tourís, como consecuencia da súa toma de posesión como presidente da Autoridade Por-



tuaria de Vilagarcía de Arousa, en virtude do seu nomeamento pola Orde do 20 de novembro de 2020 da conselleira do Mar da Xunta de Galicia (DOG núm. 240, do 27 de novembro de 2020; BOE núm. 316, do 3 de decembro de 2020) [21390](#)

■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 11 de decembro de 2020, pola que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado polo deputado Martín Fernández Prado, como consecuencia da súa toma de posesión como presidente da Autoridade Portuaria da Coruña, en virtude do seu nomeamento pola Orde do 20 de novembro de 2020 da conselleira do Mar da Xunta de Galicia (DOG núm. 240, do 27 de novembro de 2020; BOE núm. 316, do 3 de decembro de 2020) [21391](#)

■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 12 de decembro de 2020, pola que se declara vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado polo deputado Jesús Vázquez Almuíña, como consecuencia da súa toma de posesión como presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, en virtude do seu nomeamento pola Orde do 20 de novembro de 2020 da conselleira do Mar da Xunta de Galicia (DOG núm. 240, do 27 de novembro de 2020; BOE núm. 316, do 3 de decembro de 2020) [21392](#)

## 2.2.5. Composición das comisións

■ Constitución e composición da Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislaturas que están pendentes de conclusión [21393](#)

■ Resolución da Presidencia, do 10 de decembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidade da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislaturas que están pendentes de conclusión (doc. núm. 6260) [21393](#)

■ Resolución da Presidencia, do 10 de decembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 6249) [21394](#)

## 2.3. Réxime e goberno interior

### 2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de decembro de 2020, de prórroga do acordo da Mesa da Cámara do 13 de outubro de 2020 polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias [21396](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

### Designación da Ponencia que debe emitir informe sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 11 de decembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

Designación da Ponencia

- 2794 (11/PL-000005)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

BOPG nº 26, do 06.10.2020

— G. P. Popular de Galicia (P):

Alberto Pazos Couñago (titular)

Paula Prado del Río (suplente)

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Xosé Luís Bará Torres (titular)

Daniel Castro García (suplente)

— G. P. dos Socialistas de Galicia (S):

Pablo Arangüena Fernández (titular)

Paloma Castro Rey (suplente)

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



O Pleno do Parlamento, na sesión do 9 de decembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

### **1.3. Procedementos de control e impulso**

#### **1.3.5. Mocións**

##### **Rexeitamento da iniciativa**

- 5920 (11/MOC-000013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 582, publicada no BOPG nº 9, do 02.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 24.11.2020)

BOPG nº 56, do 02.12.2020

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 4: rexeitado por 18 votos a favor, 40 votos en contra e 14 abstencións.

Resto dos puntos: rexeitados por 32 votos a favor, 14 votos en contra e ningunha abstención.

- 5923 (11/MOC-000014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa crise económica e a situación social xeradas pola covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1027, publicada no BOPG nº 11, do 04.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 24.11.2020)

BOPG nº 56, do 02.12.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 5924 (11/MOC-000015)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector cultural. (Moción consecuencia da Interpelación nº 4381, publicada no BOPG nº 40, do 04.11.2020, e debatida na sesión plenaria do 24.11.2020)

BOPG nº 56, do 02.12.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.



### 1.3.6. Proposicións non de lei

#### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

#### Aprobación con modificacións

- 3384 (11/PNP-000361)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión do ingreso mínimo vital creado a través do Real decreto lei 20/2020 BOPG nº 33, do 21.10.2020

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 56 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión do ingreso mínimo vital (IMV), creado a través do Real decreto lei 20/2020.

Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galicia a impulsar, no prazo máis breve posible, as modificacións normativas necesarias para garantir a complementariedade da Risga co IMV de cara a facilitar a transición cara a unha renda única.»

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

- 5579 (11/PNP-000643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que se deben realizar en relación co desenvolvemento en Galicia do corredor atlántico de mercadorías

BOPG nº 52, do 25.11.2020

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta o Goberno da Xunta a que reclame do Goberno central:

1. A priorización dos proxectos de infraestruturas do Corredor Atlántico en Galicia, así como a mellora das conexións con Portugal coa construción da saída sur de Vigo.





2. A mobilización de fondos do período 2021-2027, así como de fondos extraordinarios da UE, para fomentar o desenvolvemento do Corredor Atlántico galego en condición de igualdade con outros corredores.

3. A atención á intermodalidade do corredor, mediante a priorización das conexión ferroviarias cos portos da fachada atlántica e coas principais plataformas loxísticas, singularmente, coa execución das conexión ferroviarias ao porto de Langosteira (A Coruña).

4. A presentación do plan director do Corredor Ferroviario Atlántico, a dotación de partidas nos orzamentos do Estado e a solicitude de fondos europeos para conectar Galicia nas mesmas condicións e nos mesmos prazos que os doutros corredores.

5. O inmediato nomeamento, como xa se fixo para o Corredor Mediterráneo, dun comisionado do Goberno para o Corredor Atlántico e así poder axilizar e coordinar a presentación de proxectos susceptibles de financiamento europeo.»

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 5003 (11/PNP-000571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a creación da nova especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias

BOPG nº 49, do 19.11.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno central a creación da nova especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias, con tramitación preferente e independente da que corresponda a un novo decreto de troncalidade.»

- 5234 (11/PNP-000597)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rey Varela, José Manuel e 8 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co sector naval de Ferrol

BOPG nº 49, do 19.11.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas.



O texto aprobado é o seguinte:

«1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a presentación dos proxectos, licenzas e autorizacións, así como o financiamento previsto e necesario, para o taller de subbloques e para a transformación do Estaleiro 4.0, especialmente no que se refire ao dique seco cuberto.

2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a realización da modernización do Estaleiro 4.0 a través dos novos fondos europeos.

3. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a solicitude á Comisión Europea da consideración do sector naval como estratéxico, permitindo a excepcionalidade na restrición dos fondos europeos para que o sector naval de Ferrol poida beneficiarse de axudas a fondo perdido.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 3280 (11/PNP-000347)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes ao mantemento do servizo de axuda no fogar extraordinario e a prorrogalo ata que a pandemia provocada pola covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma

BOPG nº 30, do 14.10.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 5525 (11/PNP-000636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co volume de diagnoses e a capacidade asistencial dos servizos de oncoloxía do sistema sanitario público de Galicia durante o ano 2020

BOPG nº 52, do 25.11.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 5573 (11/PNP-000642)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de modificar a normativa vixente que regula o servizo de axuda no fogar, así como as cuestións que debe introducir nela

BOPG nº 52, do 25.11.2020



Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 11 de decembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

#### **1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas**

##### **Aprobación sen modificacións**

- 3544 (11/PNC-000401)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Prado del Río, Paula e cinco deputados/as máis  
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de renovación do parque móbil  
BOPG nº 33, do 21.10.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 6 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de renovación do parque móbil por outro máis eficiente que favoreza a mobilidade sustentable.»

##### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 2733 (11/PNC-000297)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis  
Sobre o impulso do Goberno galego diante dos gobernos español e portugués dunha proposta de tarxeta de paso de proximidade transfronteiriza que se poida utilizar no caso de establecemento de restricións por motivos de saúde pública, así como sobre o apoio á implantación dunha tarxeta cidadá transfronteiriza para a poboación residente nos municipios limítrofes co río Miño internacional  
BOPG nº 27, do 07.10.2020

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar diante dos Gobernos español e portugués que se estuden fórmulas para evitar os efectos negativos das restricións no paso da fronteira por motivos de saúde pública.
2. Apoiar a implantación dunha «tarxeta cidadá transfronteiriza» que promova a simplificación da vida das persoas, o aumento da eficiencia na Administración pública baseada nas TIC, para a poboación residente nos concellos transfronteirizos, aproveitando a experiencia de instrumentos deste tipo xa implantados ou en estudo no ámbito das eurociudades.»

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

#### 2.2.1. Composición do Pleno

**Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 12 de decembro de 2020, pola que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado polo deputado José Manuel Cores Tourís, como consecuencia da súa toma de posesión como presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, en virtude do seu nomeamento pola Orde do 20 de novembro de 2020 da conselleira do Mar da Xunta de Galicia (DOG núm. 240, do 27 de novembro de 2020; BOE núm. 316, do 3 de decembro de 2020)**

Tendo constancia de que, o 11 de decembro de 2020, José Manuel Cores Tourís tomou posesión do cargo de presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, a Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Declarar vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado, pola circunscrición electoral de Pontevedra, na lista do Partido Popular, polo deputado José Manuel Cores Tourís como consecuencia da súa toma de posesión como presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, en virtude do seu nomeamento pola Orde do 20 de novembro de 2020 da conselleira do Mar da Xunta de Galicia (DOG núm. 240, do 27 de novembro de 2020).

2º. Notificar o presente acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos e aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos dende o día 11 de decembro de 2020.



3º. Notificar a presente resolución á Xunta Electoral de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta da presente resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2020  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 11 de decembro de 2020, pola que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado polo deputado Martín Fernández Prado, como consecuencia da súa toma de posesión como presidente da Autoridade Portuaria da Coruña, en virtude do seu nomeamento pola Orde do 20 de novembro de 2020 da conselleira do Mar da Xunta de Galicia (DOG núm. 240, do 27 de novembro de 2020; BOE núm. 316, do 3 de decembro de 2020)**

Tendo constancia de que Martín Fernández Prado tomou posesión do cargo de presidente da Autoridade Portuaria da Coruña o día 11 de decembro de 2020, a Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Declarar vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado, pola circunscrición electoral da Coruña, na lista do Partido Popular, polo deputado Martín Fernández Prado como consecuencia da súa toma de posesión como presidente da Autoridade Portuaria da Coruña, en virtude do seu nomeamento pola Orde do 20 de novembro de 2020 da conselleira do Mar da Xunta de Galicia (DOG núm. 240, do 27 de novembro de 2020).

2º. Notificar o presente acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos e aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos dende o día 11 de decembro de 2020.

3º. Notificar a presente resolución á Xunta Electoral de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta da presente resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente



**Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 12 de decembro de 2020, pola que se declara vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado polo deputado Jesús Vázquez Almuíña, como consecuencia da súa toma de posesión como presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, en virtude do seu nomeamento pola Orde do 20 de novembro de 2020 da conselleira do Mar da Xunta de Galicia (DOG núm. 240, do 27 de novembro de 2020; BOE núm. 316, do 3 de decembro de 2020)**

Tendo constancia de que, o 11 de decembro de 2020, Jesús Vázquez Almuíña tomou posesión do cargo de presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, a Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Declarar vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado, pola circunscrición electoral de Pontevedra, na lista do Partido Popular, polo deputado Jesús Vázquez Almuíña como consecuencia da súa toma de posesión como presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, en virtude do seu nomeamento pola Orde do 20 de novembro de 2020 da conselleira do Mar da Xunta de Galicia (DOG núm. 240, do 27 de novembro de 2020).

2º. Notificar o presente acordo ao interesado, ao portavoz do G.P. Popular de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos e aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos dende o día 11 de decembro de 2020.

3º. Notificar a presente resolución á Xunta Electoral de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta da presente resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## **2.2.5. Composición das comisións**

**Constitución e composición da Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislaturas que están pendentes de conclusión**

A Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemniza-



cións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislaturas que están pendentes de conclusión na súa sesión do 11 de decembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

Constitución da Comisión  
- (11/COCE-000005)

Elección dos membros da Mesa  
- (11/CEEM-000025)

Mesa:

José Manuel Rey Varela (P)  
Presidente  
María Guadalupe Murillo Solís (P)  
Vicepresidenta  
Ramón Fernández Alfonzo (BNG)  
Secretario

Vogais:

G. P. Popular de Galicia (P):  
Teresa Egerique Mosquera  
Marta Nóvoa Iglesias  
Pedro Puy Fraga  
Cristina Sanz Arias  
Sandra Vázquez Domínguez

G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):  
Ana Pontón Mondelo  
Noa Presas Bergantiños

G.P. dos Socialistas de Galicia (S):  
Pablo Arangüena Fernández  
Juan Carlos Francisco Rivera

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020  
María Montserrat Prado Cores  
Vicepresidenta 2ª

**Resolución da Presidencia, do 10 de decembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidade da súa transformación en bancos, in-**



**cluindo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislaturas que están pendentes de conclusión (doc. núm. 6260)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 6260, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidade da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislaturas que están pendentes de conclusión.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento do cambio na representación do G. P. Popular de Galicia na Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidade da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislaturas que están pendentes de conclusión:

Baixa: Paula Prado del Río

Alta: María Guadalupe Murillo Solís

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

**Resolución da Presidencia, do 10 de decembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 6249)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 6249, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. Popular de Galicia nas seguintes comisións parlamentarias:





— Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior:

Baixa: Jesús Vázquez Almuiña

Alta: Rubén Lorenzo Gómez

— Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos:

Baixas: Jesús Vázquez Almuiña

Martín Fernández Prado

Daniel Vega Pérez

Altas: Diego Calvo Pouso

Carmen María Pomar Tojo

Marta Nóvoa Iglesias

— Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo:

Baixas: Martín Fernández Prado

José Manuel Cores Tourís

Altas: Rubén Lorenzo Gómez

Borja Vereza Fraiz

— Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia:

Baixa: Martín Fernández Prado

Alta: Ramón Carballo Páez

— Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislaturas

Baixa: Martín Fernández Prado

Alta: José Manuel Rey Varela

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



## 2.3. Réxime e goberno interior

### 2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

#### **Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de decembro de 2020, de prórroga do acordo da Mesa da Cámara do 13 de outubro de 2020 polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias**

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia covid-19, por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 13 de outubro de 2020 habilitouse por un mes a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias.

Por acordo da Mesa da Cámara do 3 de novembro de 2020, o ditado prazo prorrogouse por un mes.

Debido á situación sanitaria actual, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 1 de decembro de 2020 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa mesma data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adopta o seguinte acordo:

1º. Prorrogar por un mes, que contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, o acordo da Mesa da Cámara, do 13 de outubro de 2020, polo que se habilita a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puider asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

2º. A petición, asinada por quen solicite a delegación ou participación telemática, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

